



EXTRACTO DE BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO FESTIVAL DE COMPARSAS CONCELLO DE NEDA

De conformidade co previsto nos artigos 17.3. b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na páxina web do Concello.

OBXECTO DA CONVOCATORIA

Co fin de recuperar as Festas do Entroido e o seu carácter tradicional e popular, o Concello de Neda, asume a concesión de distintas axudas e premios para os participantes no **FESTIVAL DE COMPARSAS**, que se desenvolverá o VENRES, DIA 21 DE FEBREIRO de 2020, e que se rexirá polas seguintes bases:

Primeira. AXUDAS E PREMIOS

O Concello de Neda compensará ás Comparsas participantes cunha axuda económica de 250 € para cada unha e 150 € para cada un dos grupos participantes, e unha axuda económica de 100 € a cada unha das comparsas ou grupos que, en horario comprendido entre as 18.00 e as 20.00 horas, participen no lugar ou barrio que determine a organización (por sorteo) e coa finalidade de impulsar a participación da veciñanza nas festas do Entroido. E establece ata un máximo de TRES GALARDÓNS según puntuación do xurado.

Segunda. INSCRICIÓNS E PARTICIPACIÓN

O número máximo de comparsas participantes será de dez e o número máximo de grupos participantes, será de catro, segundo a orde de presentación de solicitudes no rexistro xeral do Concello de Neda.

Enténdese por comparsa, o conxunto de persoas debidamente disfrazadas, en número non inferior a 15.

Enténdese por grupo, o conxunto de persoas debidamente disfrazadas, en número non inferior a 10.

Ambas formacións gardarán unha unidade temática, tanto na súa vestimenta como na súa actuación.

As letras das cancións, terán que ser obrigatoriamente en galego e, un dos temas a interpretar versará sobre NEDA, ou persoeiros da vila.

Para optar aos premios fixados nestas Bases, as Comparsas e Grupos participantes, deberán facer a súa inscrición, según modelo, no Rexistro Xeral do Concello de Neda, en horario de 9 a 14,30 horas, dende o día 3 de febreiro ata o día 14 de febreiro de 2020 inclusive. Fóra deste prazo non se admitirá ningunha inscrición, así mesmo as presentadas incompletas quedarán excluídas.

Terceira. DISPOSICIÓNS XERAIS

As comparsas e grupos inscritos, realizarán a concentración ás 20,00 horas do día 21 de febreiro, na Avda. do Castelao (antiga Ctra. da Estación), para logo, emprender o desfile cara o Polideportivo do Neda, e finalmente realizar a actuación, en base á que se outorgarán os galardóns a Animación na rúa, Crítica da realidade local- comarcal e Orixinalidade e vestimenta.



Cuarta. DISPOSICIÓN FINAL

A organización non se fai responsable dos contidos das letras, parodias ou disfraces dos grupos participantes.

A inscrición neste concurso, enténdese como aceptación plena das Bases.

Neda, 14 de xaneiro de 2020

O Alcalde de Neda

Ángel Alvariño Saavedra